

SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel (2010): *O complemento preposicional en galego. Análise desde a gramática de valencias*. A Coruña: Universidade da Coruña, 118 pp.

Sae do prelo este volume como monografía número seis da *Revista Galega de Filoloxía* (RGF), unha publicación da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña que vén aparecendo regularmente desde o ano 2000, con periodicidade anual, e que por tanto vai neste momento polo seu número 11. A RFG tamén vén editando, sen regularidade definida, uns monográficos que desenvolven temas que, debido á súa extensión, non poderían aparecer na revista en forma de artigos e que polo seu contido encaixan perfectamente nas súas liñas de publicación, neste caso calquera aspecto relativo á filoloxía galego-portuguesa. A última destas monografías publicada é *O complemento preposicional en galego. Análise desde a gramática de valencias*, da autoría do profesor Xosé Manuel Sánchez Rei.

Este traballo insírese no ámbito da sintaxe do galego, que até ao momento foi obxecto dunha escasa atención dentro dos estudos lingüísticos e que ten xerado poucas monografías específicas aínda na altura, nomeadamente de carácter sincrónico. Só por este motivo xa debería ser merecente dunha especial acollida. Mais tamén o é por asentar o marco teórico da teoría da valencia na análise gramatical galega, que sen dúbida contribúe para a clarificación do conflito que nalgúns casos se dá á hora de analizar os elementos argumentais exixidos polo verbo. Se foi nos inicios da segunda metade do pasado século cando tal teoría sintáctica tivo a súa primeira formulación na obra de Lucien Tesnière, aínda que logo coñecese importantes revisións e modificacións, hora era de que a tal perspectiva de análise se lle tentase tirar tamén o maior proveito no caso da lingua galega, a coadruar así de paso na modernización e na

actualización dos estudos sintácticos, xeralmente secundarizados ou minorizados na tradición gramatical da lingua galega.

A presente monografía foca o que se veu denominando complemento directo con preposición ou suplemento na tradición lingüística hispánica, con arraigo igualmente nos estudos de galeguística. Tal complemento ten unha especial relevancia na lingua galega por poder aparecer tamén en alternancia co complemento directo en construcións dotadas dunha especial expresividade (*Segar a herba / Segar na herba, Apañar as patacas / Apañar nas patacas*), a adquirir a distinción entre ambas un matiz estilístico, para alén doutros posibles valores. Desde a óptica da gramática de valencias ou gramática dependencial trátase na realidade do cuarto actante (A_4), entre os exixidos sintáctica e semanticamente polo verbo. O autor opta pola nomenclatura de complemento preposicional con base no feito morfolóxico de que ese cuarto actante precisa de levar unha partícula prepositiva para manifestar a súa ligazón ao verbo, a cal cumpre a función de servir de preludio para o devandito actante. A teoría da valencia –termo tomado da química que indica o número de elementos argumentais que ten o verbo– sufriu importantes revisións desde a súa formulación inicial e foi introducida en Portugal polos profesores Busse e Vilela (*Gramática de Valências. Apresentação e Esboço de Aplicação à Língua Portuguesa*, 1986), cuxo traballo constitúe un dos referentes máis directos da monografía de Sánchez Rei.

A obra estrutúrase en cinco capítulos, dos cales o cuarto recolle as conclusións e o quinto as referencias bibliográficas. O capítulo un (“Introdución”, pp. 13-45), após unhas consideracións xerais referidas ao status do verbo desde a óptica da gramática dependencial, trata da caracterización sintáctica dos verbos, isto é, do seu comportamento canto aos complementos que precisan para posuíren plena significación; neste sentido, toma en consideración os conceptos de ‘transitividade’ e ‘ergatividade’ como subfuncións da ‘participación’ de Halliday, que conduce á clasificación das linguas en transitivas e en ergativas; mais na realidade non existen modelos puros e o que se produce é o predominio dun modelo transitivo, como no caso do galego, ou ergativo, caso do éuscaro. De acordo coa transitividade distingue entre construcións transitivas, intransitivas e impersoais, para finalmente establecer, de acordo co profesor Mário Vilela, a distinción entre unha transitividade forte e outra fraca. Con todo, o núcleo deste primeiro capítulo constitúe o concepto de ‘valencia’ e os seus actantes no marco sintáctico-semántico de rexencia e outras aplicacións que posúe (valencia interior e exterior, valencia semántica, dicionario de valencias, valencia do texto), para terminar por afrontar a por veces dificultosa distinción entre actantes e circunstantes, ou argumentos e satélites, ben como entre actantes obrigatorios e facultativos, deixando así ben sentadas as bases teóricas para o estudo do complemento preposicional ou cuarto actante.

É na análise deste actante onde se centra o capítulo dous (“Caracterización de A_4 ”, pp. 47-75), que estuda os trazos que permiten singularizalo face a outros complementos exixidos polo predicado verbal; e, máis en profundidade, analiza a relación entre A_2 e A_4 , ben como as preposicións que introducen o último. Neste último aspecto contrástase o predominio dunhas preposicións en comparación con outras, a se atestaren tamén diferenzas diacrónicas e de rexistro, e inclusive coincidencias entre o galego e o portugués ultramarino que resultan inusuais no padrón lisboeta; mais a conclusión a que chega o autor neste ámbito é que na lingua galega as partículas prepositivas predominantes na introdución de A_4 son *a*, *de* e *en*, que tamén son as que presentan unha maior fluutuabilidade, a obedecer a súa presenza ou ausencia nuns casos á vontade estilística e noutros á mudanza de significado da predicación lingüística. Após indicar os constituintes de A_4 , termina este capítulo cunha revisión sumaria do seu tratamento nas gramáticas galegas, a comezar polas decimonónicas e chegando á de López, Lourenço e Moreda publicada en 2010.

O capítulo tres (“O verbo e A_4 ”, pp. 77-101) analiza os comportamentos que este elemento actancial presenta a respecto do verbo, distinguindo neste sentido entre verbos bivalentes, verbos trivalentes e verbos con valencia variábel. Canto aos primeiros, uns só admiten ser complementados mediante un A_4 , que pode ser argumento obrigatorio ou facultativo, e outros toleran tanto a construción con A_2 como con A_4 , unhas veces cunha notábel mudanza de significado (*Conta os amigos / Conta cos amigos*) e outras só cunha pequena modificación de sentido ou de matiz (*Precisa cartos / Precisa de cartos*); é aquí onde se insiren as construcións tan características do galego como *Ler o xornal / Ler no xornal*. Os verbos trivalentes presentan simultaneamente A_2 e A_4 , polo cal foron considerados expoñentes da transitividade forte, e tenden a tolerar a cliticización en dativo, para alén da máis habitual en acusativo (*Axudeina a saír / Axudeille a saír*). E aínda existen verbos de valencia variábel que veñen a demostrar que esta non é unha caracterización sintáctico-semántica rixida, xa que o número e o carácter dos elementos argumentais poden modificarse; entre eles hai algúns, como *dar* ou *falar*, que presentan unha abordaxe actancial complexa (*El fala con ela da súa doenza*), igual que outros verbos que permiten construcións pronominais (*Esqueceu as chaves / Esqueceuse das chaves*). Con certeza, aparecen aquí aspectos problemáticos na análise sintáctica que o autor non oculta e que encara con adecuada metodoloxía.

O capítulo das “Conclusións” (pp. 103-107) e o das “Referencias bibliográficas” (pp. 109-118) son inusualmente amplos en relación coa extensión do traballo, coherentes e de grande utilidade, a contribuíren desta forma para reforzaren o valor e o interese dunha monografía pioneira nos estudos de sintaxe galega. O seu autor, docente universitario e investigador na materia de probada solvencia, achéganos con clareza e rigor científico un

aspecto sintáctico relevante desde un marco teórico como o da gramática de valencias que non fora até ao momento presente tido moito en conta na lingüística galega. Non cabe dúbida de que esta se ve enriquecida con tal aborde e de que a monografía abre un camiño para novas e desexábeis achegas a uns estudos sintácticos que aínda demandan unha maior atención dos lingüistas.

Xosé Ramón FREIXEIRO MATO